

A política territorial en Galicia: entre a expansión urbana e a percepción rural. O caso do espacio periurbano de Vigo

XOSÉ M. SOUTO GONZÁLEZ
et al.*

A integración de Galicia no mercado europeo prodúcese nun intre de restructuración do sistema urbano occidental¹. Neste contexto pretendemos explica-lo caso de Vigo, como exemplo dun espacio periférico atlántico (ver figura 1), polo que debemos sinalar que o noso traballo empírico pretende supera-lo localismo do caso específico, co gallo de ter un modelo para ser utilizado en posteriores análises do medio periurbano de Galicia e, se resulta satisfactorio, a outras cidades en situacións de periferización. A predisposición tradicional da Xeografía para a análise de problemas a diferente escala e a comparación de situacións de diferentes localidades facilitou o noso labor.

1.— PRESUPOSTOS TEORICOS


Unha das maiores dificultades existentes na análise da realidade xeográfica con miras a súa ordenación radica na definición conceptual do espacio que se vai estudar. As horas de traballo empregadas nesta clarificación teórica facilitounos a elaboración dun guión de traballo que nos permitiu observar con maior claridade os datos estadísticos, opinións veciñais, documentos de xornais, actas de movementos veciñais, a propia paisaxe e a normativa xurídica que regulaba o uso potencial deste territorio (ver figura 2)

* Este artigo é unha reelaboración da comunicación presentada no Congreso Internacional sobre as periferias atlánticas, celebrado en Santiago de Compostela en xuño de 1992. A súa vez é un resumo do traballo realizado por un equipo interdisciplinar co gallo de subsana-las deficiencias do Plan Xeral de Vigo no que correspondía ó espacio periurbano ou rural. O plan foi aprobado xa no 1993, sinalándose no intre da súa aprobación a rigurosidade do traballo sobre o medio rural, onde xunto a este equipo participou outro encabezado pola arquitecto-doctora María A. Leboreiro Amaro. O noso equipo estaba composto por:

CAMPILLO RUIZ, Ana: Licenciada pola Univ. Cantabria e Máster en Ecoloxía ambiental
BOIRA MAIQUES, José Vicente: Doctor en Xeografía pola Univ. de València
FERRERO GONZÁLEZ, Felipe: Licenciado en Xeografía pola Universidade de Santiago
MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo: Licenciado pola Univ. de Santiago e Máster en Urbanismo
TRABA DÍAZ, Amada: Licenciada en Socioloxía pola Univ. Complutense de Madrid.


¹ Na explicación das teorías da contraurbanización, así como respecto a análise das posturas dos autores máis importantes, seguimo-lo traballo realizado pola profesora da Universidade de Valencia, dra. Julia Salom. Agradecemoslle a amabilidade da cesión do mecanografiado inédito. Para un estado da cuestión o traballo básico consideramos que é o de Champion (1991). Creemos que é comenente non confundi-lo proceso de contraurbanización, e restructuración do sistema de cidades nos países desenvolvidos, cos procesos de periurbanización, aínda que sexan dous procesos complementarios en moitas ocasións.

FIG. 1. VIGO NO CONTEXTO ATLÁNTICO.



Fonte: Elaboración propia.

FIGURA 2. GUIÓN BÁSICO DE TRABAJO NO MEDIO PERIURBANO DE VIGO



Deste xeito quixemos delimita-los dous aspectos básicos que configuran a nosa intencionalidade no labor investigativo. Por unha banda, a análise do contexto xurídico-legal, onde se materializa a pugna de intereses sociais na apropiación e organización do territorio. Por outra, a explicación do proceso de urbanización de Vigo, desde teorías xeográfico-sociais, que explica que son as estratexias sociais as determinantes na organización territorial a través dun proceso de privatización.

En concreto queremos manifestar que o contexto xurídico vai delimitando uns determinados


valores ó medio. Así as Lei de 1956 e o Texto Refundido de 1976 categorizan o espazo rural como o «non urbanizable»; é dicir, fóra da valoración monetaria urbanística dos terreos. Pola contra, a adaptación á Lei da normativa galega, de 1985, permite unha revalorización do medio a través da conversión do solo non urbanizable en urbano, aínda que sexa a través do planeamento secundario (Plans Especiais de millora do medio).

Sobre este referente xurídico os veciños van conformando unhas relacións sociais e unha percepción de fitos simbólicos (patrimonio ecolóxico, arquitectónico, accesibilidade...) que determina os usos do chan, antes extensivos, e as actividades económicas que xa non son exclusivamente agropecuarias: aparece o ocio, as comunicacións, as industrias.

Pola outra banda, as teorías de interpretación xeográfica do medio van estar condicionadas por dous fenómenos semellantes, pero non idénticos: a periurbanización e a contraurbanización. Mentres que o primeiro vense producindo en Vigo desde os anos setenta, como consecuencia dos fortes movementos pendulares, o segundo implica máis considerar á rexión urbana na escala europea, onde se está a producir unha reestructuración da xerarquía urbana.

En consecuencia, como amosamos na figura 3, creemos que é necesario explica-lo medio «rural» (xurídico) ou «periurbano» (xeográfico) como un proceso de organización e valoración urbanística do territorio a partir de dous procesos complementarios, que dan lugar a unha intensificación dos usos do chan e a unhas novas relacións sociais sobre o espazo. De tal xeito que a explicación do medio local non é posible sen considera-las estratexias e intereses socioeconómicos dunha escala inferior (a europea atlántica), que se difunde a través do sistema de cidades e o proceso de urbanización.

FIGURA 3. MODELO EXPLICATIVO DAS RELACIONS RURAL/URBANO NA PERIFERIA ATLANTICA



A nosa posición metodolóxica posuía, polo mesmo, unha definición inicial dos presupostos teóricos, que eran consecuencia dos nosos intereses profesionais. Estes viñan determinados pola investigación realizada co gallo da Tese de Doutoramento (Souto, 1990) e polos traballos realizados desde 1979, en colaboración co Departamento de Urbanismo do Concello². Ademais non renuncia-

² A análise do medio periurbano de Vigo ten un comezo no ano 1979, baixo a dirección do responsable do Departamento de Urbanismo do Concello, o dr. arquitecto José L. Pereiro Alonso. Froito daquel labor investigador foi a publicación, xerocopiada polo Concello, co título de *Problemática del suelo periurbano del municipio de Vigo*.

mos a unha comprensión dos problemas dos veciños, polo que foi de gran axuda os traballos da Xeografía da Percepción e do Comportamento (Boira&Requés, 1991). En suma, pretendimos converter-la comprensión da percepción veciñal en argumentos explicativos das nosas hipóteses teóricas.

Para isto necesitamos contar con lecturas de casos de procesos de periurbanización (Binet, 1987; Barrère, 1988; Ortega, 1988) e análise do regulamento legal dos medios rurais e periurbanos noutras comunidades autónomas españolas, como son os casos de Catalunya ou Canarias (González Pérez, 1982; Pareja i Lozano, 1990).

As lecturas teóricas, as interpretacións dos veciños non podían supli-la análise de recoñecemento da realidade xeográfica, que define a situación atlántica de Vigo e o seu emplazamento na topografía do Val do Fragoso (ver figura 4). A observación da paisaxe foi completada coa análise dos datos xeodemográficos, actividades económicas, tecido asociativo e valoración do patrimonio comunal.

O estudio do medio rural do concello de Vigo resultaba así de gran complexidade, tanto polas deficiencias dos datos oficiais como pola necesidade de reconceptualiza-los territorios observados desde as teorías urbanísticas actuais. De feito nas numerosas investigacións que existen sobre Vigo, este espazo xeográfico é o que conta con menos traballos realizados³.

Polo mesmo, para poder comprende-lo espazo xeográfico municipal e así diferenciar superficies urbanas e rurais cómpre definir con precisión os conceptos que imos utilizar, pois, como se sabe, a diferenciación rural/urbana non é doada. As diferentes Conferencias Internacionais de Xeografía modificaron arreo os seus criterios de delimitación urbana, onde se procuraba combinar un criterio cualitativo (actividades da poboación) cun criterio cuantitativo⁴.

En principio imos entender por *espacio rural* a organización do territorio realizada polo ser humano (os diferentes veciños do Val do Fragoso) cun uso extensivo das superficies. Isto é, as terras de cultivo, forestais ou de prados para o gando estaban relacionadas co hábitat (uso residencial do territorio) para satisfacer unhas necesidades e non para obter un beneficio económico monetario. O valor de uso primaba sobre o valor de cambio. Non embargantes, tra-la incorporación de Galicia ó mercado estatal e co proceso de industrialización e urbanización de Vigo o espazo rural vai cambia-la súa funcionalidade, converténdose de feito nun espazo PERIURBANO, ou sexa, dependente do centro urbano. Así non pode resultar extraño o inzamento dos prezos do solo no espazo periurbano do concello, como rexistramos no noso estudio. Con todo aínda existen restos antropolóxicos, volumétricos, superficiais e de relacións económicas que nos permiten identificar algunhas áreas como rurais e que son os alicerces da tipificación xurídica de solo rural, con núcleos de seu.


2.— MARCO METODOLOXICO E CRITICA DAS FONTES UTILIZADAS

Definidos os intereses teóricos do noso traballo, cómpre realizar unha crítica das fontes utilizadas para obter-los datos da realidade que se aspira explicar. No traballo presentado ó concello (Souto et al. 1992) damos conta das deficiencias atopadas nos Nomenclátors, pois non aparecen tódolos

³ A consulta dos diferentes enfoques na análise do proceso urbano de Vigo pode consultarse no estado da cuestión que publiquéi na revista *Análise Empresarial*, núm. 12 (Souto, 1991). Desde esta data apareceu un traballo notable na análise do patrimonio arquitectónico perdido e non construído de Vigo, publicado pola Deputación de Pontevedra e da autoría do arquitecto Xaime Garrido.

⁴ A polémica sobre rural/urbano aparece en algunha das alegacións presentadas. Aínda que o número non sexa relevante, pois non chegan a 10 de máis de 3.000, sí interesa suliñar que os alegantes son persoas individuais ou xurídicas significativas no contexto da cidade (ex-delegado do MOPU na Xunta de Obras do Porto, PSOE, Confederación de Empresarios). A discusión respecto ó sector central e o medio rural no concello de Vigo indica así que os conceptos xeográficos posúen unha importancia económica decisiva cando son fonte de argumentos xurídicos para normativiza-los usos do chan.

FIG. 4. Topografía do Municipio de Vigo.



Fonte: Elaboración propia, a partir Mapa Topográfico.

lugares nen barrios, nos Censos e Padróns, falsean a poboación existente, ou nos Censos Agrarios, pois non posúen unha homoxeneidade nos datos presentados.

Todo isto implica definir moi claramente a metodoloxía que se vai utilizar, co gallo der ser útil no planeamento futuro. En esencia, partimos de dous supostos fundamentais:

*as dúas terceiras partes do concello de Vigo posúen unha mixtura de usos do chan que non poden ser tipificados exclusivamente como rurais ou urbanos; isto implicaba a necesidade de conceptualizalo territorio con rigor analítico

*a poboación que vive nesta superficie periurbana, sobre o 30% do total do concello, percibe o espacio como algo singular, con características de seu, polo que se debe comprende-la súa lóxica.

Polo mesmo, a nosa metodoloxía vai partir das percepcións dos veciños do territorio de seu, dos datos con que contamos para avalialo territorio (non só os oficiais, senón tamén os obtidos por nós mesmo) e todo isto ten que ser interpretado á luz da normativa legal, a Lei do Parlamento de Galicia (Lei 11/85). Deste xeito as percepcións dos veciños non teñen valor por sí mesmas, xa que deben ser interpretadas nun modelo que demostre a lóxica que está por embaixo das evidencias superficiais.

A definición do modelo interpretativo é difícil, dado que o urbanismo é o resultado dos diferentes intereses teóricos e sociais que existen sobre o territorio. En efecto, o urbanismo é un corpo teórico interdisciplinar, onde coexisten conceptualizacións diversas para un mesmo problema, que sempre é analizado desde *unha óptica interesada e particular*. Pois estes problemas son resultado dos proxectos sociais, pasados e futuros sobre un territorio acotado (neste caso o concello de Vigo). Así o espacio xeográfico é conceptualizado como a interrelación dos proxectos sociais sobre un medio físico que ten unhas peculiaridades específicas.

En resumo, optamos por conceptualizar a superficie non urbana consolidada de Vigo como PERIURBANA, para establecer con rigor un proceso social que se establece desde intereses individuais e colectivos e se regula desde normas xurídicas e administrativas. Un exemplo evidente

FIGURA 5: COMPARACION NA DELIMITACION DE CHAN URBANO NO 1972 E 1982.




Fonte: Elaboración propia, a partir de Documentos Plan Xeral 1972 e a súa Revisión no 1981-82.

e que reforza a nosa argumentación témola na delimitación do SOLO URBANO realizada nos anos 1972, resultado do Plan Xeral de 1971, e no ano 1982, resultado do anteproxecto da Revisión e Adaptación (á Lei de 1976) do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (ver figura 5). A paradoxa da redución da superficie urbana só pode explicarse pola nova conceptualización do Equipo que traballa no período 1981-84 e polo estricto cumprimento do Decreto de 16 de outubro de 1981 onde se especifican as condicións mínimas e imprescindibles para que un territorio sexa catalogado como urbano⁵.

Este modelo teórico permítenos defini-lo problema nas coordenadas das relacións entre propietarios do solo, que ás veces se converten en promotores do seu hábitat, mentres que outras resultan ser promotores-empresarios que desexan que o solo convértase en solares que entren na libre concurrencia do mercado. Estes dous intereses contrapostos van ser regulados desde a LASGA, que prevé a existencia de núcleos rurais tradicionais e de nova creación. Tampouco podemos esquecer que estes intereses contrapostos están representados politicamente por concelleiros e organizacións empresariais. Así, o cerne do problema estriba na xestión destes terreos convertidos en solares, pois o planeamento secundario en Vigo, como en case toda Galicia, resultou pouco operativo. Así o planeamento derivado do Plan de 1971 só poido ser xestionado nun 4,7% do proxectado. Isto significa que existe unha falta de adecuación do proxectado ó percibido polos veciños. Na figura 6 tratamos de mostra-las relacións que se establecen entre o marco xurídico e a obtención do produto edificado, proceso no que actúan diferentes axentes sociais.

FIGURA 6. PROCESO DE CONSTRUCCION URBANA E AXENTES SOCIAIS IMPLICADOS



A explicación do fracaso do planeamento secundario podémola atopar na extensa superficie de reserva de solo para urbanizar, máis de 2000 hectáreas, que necesitaban dunha xestión financeira que non posuían os veciños do periurbano vigués nos anos setenta, mentres que as empresas de promoción tiñan unha maior edificabilidade no centro e extrarradio, ademáis sen compensacións ó patrimonio municipal.

⁵ O equipo que revisa o planeamento de 1971 para adaptalo no ano 1981 á Lei de 1976 (Equipo Ardiplan-Cinam) realiza unha forte crítica á «xenerosidade do regulamento xurídico» que se concedía no ordenamento xurídico provisorio derivado do informe do periurbano. Sen poder contradecir a información e os presupostos teóricos da análise realizada, consideraba excesiva a edificabilidade concedida nos núcleos e no solo non urbanizable. Sobre esta cuestión pode consultarse a *Fase Previa* da Memoria Informativa do Plan de 1981-88. Unha vez máis fica evidente a relación entre conceptualización do territorio e interpretación xurídica do seu regulamento.

A nosa argumentación, pois, considera que existiu e aínda existe en Vigo un desartellamento social e xeográfico respecto ós proxectos de urbanización que se programan. O fracaso da Asociación de Veciños propietarios do rural de Vigo, para xestiona-lo solo rústico e urbanizable, e a frustración do planeamento tecnocrático do trienio do alcalde Ramilo a inicios dos anos setenta son feitos que confirman a nosa hipótese: os veciños de Vigo e os poderes políticos actúan na lóxica do capitalismo competitivo de pequenos propietarios, mentres que o marco xurídico estaba pensado para operacións financeiras que se corresponden máis cun modelo monopolista de grandes empresas de promoción e construción urbana. A úneca saída que lle vemos a esta encrucillada e a coxestión coa Administración a través da iniciativa municipal.

O uso de estadísticas oficiais dificultaron a nosa análise do medio rural, tipificado como tal desde a LASGA. Así os datos do Censo Agrario sobre a escasez da parcela media, que aumentaba de 1.200 a 1.700 e a 2.000 m² no período 1972-1982-1989, consecuencia da conversión en solares das máis cativas, non se corresponde co Catastro de rústica que sinala para 1991 unha parcela media inferior a 1.000 m². O devecer das explotacións agrarias que de máis de 12.000 en 1972, pasan a algo máis de 8.000 en 1982 e a 5.504 no ano 1989 contrastan coa cantidade de tan só 500 traballadores agrarios (por conta propia e allea) que rexistra en 1991 a Cámara Agraria, tomando como referencia os datos da Seguridade Social Agraria que pón de manifesto o predominio de pensionistas sobre mutualistas⁶. A diminución da cabaña gandeira bovina e porcina contrasta co aumento do ovino e caprino. Todo isto determina unha nova conceptualización da paisaxe rural a través da teoría da Agricultura a Tempo Parcial (A.T.P.) e unha procura de datos máis fiables a través de enquisas propias e da observación do territorio.

3.— A DEFINICION DO CONTEXTO COMARCAL.

A superficie susceptible de ser tipificada como rural en Vigo non difire moito da que podemos atopar en concellos próximos, como en Mos, Gondomar ou Baiona. O proceso de periurbanización a partir da cidade central da lugar a unha situación semellante en:

*inzamento dos precios do solo, ante o avance da urbanización de residencia familiar permanente ou secundaria, en especial nos espazos litorais

*simbiotización das actividades primarias, en especial no agropecuario, practicándose unha agricultura a tempo parcial, que repercute menos nos ingresos (pesa a coxuntura dos pensionistas da S.S.A.) ca na calidade de vida (ter unha horta xunto á casa)

*agravamento da dispersión do hábitat por motivo da edificación itinerante e os escasos resultados da política da edificabilidade con parcela mínima. Isto supón a destrución das células de poboamento tradicional dos núcleos, o que se quere paliar coa LASGA.

*mixture de usos do chan a partir de intereses privados, o que estraga a potencialidade do chan, dificulta políticas de industrialización e creación de necesarias infraestruturas

*fortes desplazamentos pendulares (casa-traballo) polo reclutamento da man de obra nas bisbarras deste municipio e tamén nas correspondentes á Louriña, O Condado e O Miñor, o que agrava o caos de tráfico

*problemática medioambiental semellante: litoral da Ría, desforestación, contaminación do manto freático.

A explicación deste cadro descritivo débemolo atopar no proceso de urbanización periférico que se produce na zona urbana de Vigo con posterioridade á guerra civil española. A paralización dos

⁶ Sobre as relacións entre mutualistas e pensionistas agrarios, o que nos permite afondar no coñecemento da agricultura a tempo parcial nas bisbarras de Vigo, pódese consulta-la comunicación presentada no XII Congreso Nacional de Geografía, celebrado en Valencia (Souto, 1991).

procesos de modernización no campo e na industria urbana deu lugar nos anos coarenta e cincuenta á expulsión da poboación rural, pois a cidade non era capaz de atrae-la máñ de obra campesiña. Os estudos realizados no Val Miñor, Val de Frago e Terras de Redondela permítenos identificar unhas correntes emigratorias nos períodos 1948-1955, que se prolongará en menor medida ata 1960, cara a América do Sul. Xa nos anos sesenta a instalación dunha industria-enclave (Citroën) e a transformación da pesca de altura, xunto a outras actuacións máis puntuais (p.e. cerámica e vidro) deu lugar a que a cidade voltara actuar como forza centrípeta para a rexión urbana, continuando así unha tendencia xa iniciada nos anos dez-vinte deste século.

A periferización do proceso maniféstase na importancia sustancial que posúen dúas actuacións externas á dinámica socioeconómica da comarca: a industria de Citroën e as vantaxes fiscais do Polo que deu lugar a un aumento de beneficios empresariais coxunturais. A incidencia territorial foi grande: aumento de movementos pendulares con centro en Vigo e intensificación do hábitat itinerante espallado, dada a primacía dos valores da accesibilidade e transporte privado. Por último, a periferización deu lugar a un aumento da contaminación das augas de abastecemento, dada a ausencia de infraestructuras do novo hábitat espallado.

Os estudos realizados por diversos autores (Vázquez Barquero, 1990; Precedo Ledo, 1989; Souto González, 1985) poñen de manifesto a necesidade de contar cun plan supramunicipal, cun plan territorial para a comarca ou a rexión de Vigo. Cómpre coordina-las actuacións que se derivan de plans sectoriais (Zonas Urxente Reindustrialización, 1985, Zonas de Promoción Económica, 1988) ou para poder acollerse ós beneficios do Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional e para evitar que moitos enfermos teñan que acudir diariamente a un centro sanitario con máis de tres horas de tempo invertido en transporte. Pero ata este intre este plan, xa proxectado nos tempos de A. Palacios (anos trinta deste século), non se ten desenvolvido. Un plan que debe contemplar a variedade xeográfica expresada nas diferentes parroquias (ver figura 7) que compoñen esta rexión urbana. En coherencia con este presuposto, na análise que realizamos sobre o concello de Vigo contemplamos como un elemento fundamental a individualidade parroquial.

ESTRUCTURA PARROQUIAL E LUGARES CENTRAIS NA REXIÓN URBANA DE VIGO




FIGURA 7

4.— DEFINICION E DINAMICA PARROQUIAL.

O artellamento territorial de Galicia ten un dos seus alicerces básicos na organización parroquial, como recoñece o Estatuto de Autonomía (art. 40.3) e a Lei 11/1985 que regula o ordenamento urbanístico. En Vigo topamos unha trama parroquial externa á cidade central (ver figura 8), que ten uns antecedentes de funcionamento político de seu que datan de séculos precedentes (ver figura 9). Cómpre, pois, considerar ás parroquias como unhas agrupacións de carácter:

*sociopolítica, ou sexa dotadas dunha normativa de carácter consuetudinario que regula a vida colectiva, onde mesmo existiron órgaos de poder como as xuntas parroquiais. Na actualidade as asociacións veciñais e culturais van no viero de institucionaliza-las relacións cara ó exterior, reivindicacións de carácter territorial e social⁷.

*antropolóxica, ou sexa dotadas dunha morea de símbolos referenciais na vida (festas, lugares de reunión) e na morte (o cemiterio parroquial) que perduran por enriba dos diferentes contextos culturais (máis profanas, relixiosas ou laicas). Polo mesmo abordamos tamén un estudio pormenorizado das percepcións veciñais, continuando así un labor máis superficial que comencamos no ano 1979 co gallo do estudio do periurbano de Vigo.

*económica, ou sexa dotadas dun patrimonio forestal, edificado e de solares que facilitará o pulo de determinadas actuacións territoriais. Polo mesmo, unha das preocupacións do equipo foi analizar o patrimonio de cadansúa parroquia, con tal de establecer unha tipificación que facilite unha política de prioridades.

Xunto a estas características fundamentais aparecen datos respecto á actividade familiar dos veciños das parroquias (coas dificultades que sinalamos) e dos usos das superficies. Ademais a dinámica demográfica do século XX deu lugar ó xurdimento de parroquias funcionais eclesiásticas, que se superpoñían a unha especificidade dun barrio sindical (A Salgueira) ou dunha concentración nunha topografía senlleira (Sampaio), ou ben na confluencia co crecemento urbano (A Florida). Pero estas parroquias, que aparecen reseñadas no estudio completo, non son parroquias tradicionais no senso do artellamento territorial previsto nos artigos 1.1 e 12.2 da LASGA. En resumo, chegamos á conclusión da existencia dunha tipoloxía que sería:

- a) *parroquias rurais con actividade agropecuaria*. Así as parroquias de Zamáns, Bembrive, Beade, Valladares e Candeán aínda posúen unha relevante cabaña gandeira e unha superficie agraria considerable. A estratexia recomendada será a delimitación de núcleos que centralicen a vida parroquial, cunha actuación de planeamento secundario e unha estricte reserva de solo non urbanizable para uso agropecuario⁸.
- b) *parroquias integradas na franxa rururbana dun xeito caótico*. Son as parroquias de Lavadores, Castrelos, Teis, Sárdoma, Freixeiro, Bouzas, Alcobre e Navia, con forte presión demográfica e escasa xestión do planeamento parcial de 1971, como se comentou. A estratexia recomendada é a definición de tramas viarias e reservas de solo para equipamentos e infraestruturas que favorezan a urbanización de zonas de maior conflictividade (Plans Especiais Reforma Interior e Unidades de Actuación Urbanística).
- c) *Parroquias litorais con forte crecemento recente* e cun predominio de hábitat espallado. Son as parroquias de Coruxo, Oia e Saiáns. A estratexia que entendemos adecuada resultaría de

⁷Por esta mesma razón abordamos un estudio do TECIDO ASOCIATIVO DE VIGO, realizado pola socióloga Amada Traba, que é pioneiro na análise do movemento veciñal en Vigo.

⁸No estudio completo, realizado polo equipo citado na primeira páxina, no período de outubro de 1991 a maio de 1992, facemos referencia a outros usos edificables para actividades agropecuarias, como son cortes, garaxes e invernadeiros, xa que na diagnose realizada sobre as parroquias rurais aínda atopamos actividade agropecuaria importante: invernadeiros e cooperativas en Bembrive, Teis ou Lavadores e relevante cabaña gandeira en Zamáns ou Valadares.

LIMITE DA CIDADE CONSOLIDADA SOBRE A TRAMA PARROQUIAL




FIGURA 8

PARROQUIAS CON ESTRUCTURA POLITICA DE SEU NOS SECULOS XIX-XX



FIGURA 9

combinar a delimitación de plans parciais con establecemento de zonas protexidas, especialmente as previstas na Lei de Costas. Debe procurarse unha nuclearización da poboación cun tratamento discriminado das ordenanzas de edificación en chan urbanizable e apto para urbanizar.

- d) *Parroquias cunha estrutura mixta rural e urbana*, como corresponde cun espazo periurbano. As parroquias de Cabral, Comesaña e Matamá. O espazo xeográfico é complexo, pois podemos topar medios máis urbanizados (O Sello) xunto a outros máis ruralizados na mesma parroquia (Figueiras). A estratexia recomendada consiste en reforza-lo crecemento das zonas nucleares a través de ordenanzas diferenciadas.

Xunto a esta clasificación demográfica e morfolóxica das parroquias, existe outro considerando xeográfico que resulta da percepción e proxectos sociais da poboación sobre o territorio de seu. Desde esta perspectiva interesa sulíña-la presenza dunha tipoloxía asociativa nas parroquias, o que facilitaríala o deseño das prioridades na xestión do planeamento:

**parroquias con forte tecido asociativo*, como son os casos de Valladares, Beade, Saiáns, Navia, Zamáns, Castrelos, Lavadores e Cabral. Un tecido asociativo que hai que pular a través de medidas de descentralización xurídicas e administrativas, como se sinalou anteriormente. Ademais estas parroquias facilitan a delimitación parroquial prioritaria; en efecto, parece o máis aconsellable comenza-lo planeamento secundario por parroquias como Valladares onde se da unha conxunción de factores positivos: forte asociacionismo, nuclearización tradicional xunto a un espazo de equipamentos (polideportivo, xardín botánico) e crecemento demográfico cunha progresión constante pero non moi forte.

**parroquias con elevado patrimonio forestal*, así os casos de Cabral, Bembrive, Beade, Zamáns e Valladares. Nun segundo lugar están as xestoras que se están formando noutras parroquias. O elevado patrimonio posibilita actuacións como Cotogrande (Cabral), Xardín Botánico (Valladares), Unidade Actuación Marcosende-Colexio Universitario (Zamáns). Polo mesmo sería outra estratexia prioritaria planificar estas actuacións en coordinación coas xuntas de montes, o que facilitaríala o estudo integral do espazo forestal nun espazo periurbano.

**parroquias con forte percepción dos seus símbolos* e fitos representativos, así as festas tradicionais cos lugares de seu son percibidos na maioría das parroquias. Pero xunto a isto hai que sinalar a forte percepción do patrimonio arquitectónico e ecolóxico (casos de Bouzas, Coruxo, Bembrive, Castrelos) que facilitarían a súa protección desde ordenanzas municipais. Cómpre sinalar que este criterio permite diferenciar parroquias tradicionais e modernas, como se observa no caso do recordo da festa máis importante (p.e. veciños de Santa Tereixa aluden ás festas de Santa Cristina, de Lavadores).

Nos tres casos sinalados, así como en actuacións máis concretas, como a delimitación de seccións censais ou estudos de descentralización xurídica ou administrativa deberían realizarse estudos sectoriais «ad hoc». En todo caso parece corroborada a nosa hipótese da incidencia da parroquia na *delimitación dun territorio*; isto é, os traballos de planeamento futuro de Vigo deben considera-la ESCALA PARROQUIAL como elemento referencial imprescindible no artellamento dos usos do chan futuros. Os estudos pormenorizados e sectoriais avalan esta tese⁹.

As tendencias demográficas confirmaron esta análise da dinámica parroquial, onde se diferencian:

⁹ Tamén no estudo completo, sobre o que se basa esta comunicación, podemos atopar unha serie de estratexias específicas para desenvolve-la vida parroquial: estudos sectoriais de carácter sociolóxico, informes xurídicos para determina-la descentralización administrativa, recuperación dos fitos simbólicos de carácter arquitectónico ou ecolóxico e pula-la participación veciñal a través da análise das súas opinións e negociacións cos dirixentes das asociacións.

*parroquias cunha edificación de vivenda e presión demográfica maior, que corresponde cos sectores periféricos da cidade, onde xorden as novas parroquias

*diferenciación espacial no crecemento periurbano nos anos oitenta, cunha polarización sobre sectores do litoral (Oia- Saiáns) e nalgúns puntos concretos no interior (Babio-A Garrida)

*detrimento da calidade de vida a partir de 1970 pola construción indiscriminada no solo «non urbanizable», o que provoca contaminación de augas, maior custo social das infraestruturas e necesidade de maiores desplazamentos pendulares.

*ausencia de xestión urbanística nos espazos de maior presión demográfica, como son os casos de Comesaña, Matamá ou Coruxo, provocando actuacións de edificación ilegal.

5.— A ORGANIZACION DO SISTEMA DE ASENTAMENTOS

A análise dos diferentes lugares e barrios de Vigo permíitunos recomendar unha estratexia que facilite a conservación, axeitado ós tempos actuais, dos núcleos rurais tradicionais. Para isto, é necesario conceptualizar claramente núcleo rural, procurando establecer unha tipoloxía dos mesmos, estudia-la súa dinámica e programa-lo seu desenvolvemento no contexto legal vixente.

Deste xeito cómpre precisar qué se entende por sistema de asentamentos e por núcleos rurais, tradicionais ou de recente creación. O primeiro dos conceptos fai referencia á estrutura do hábitat en Galicia, que se organiza tradicionalmente en cativas células de poboación que se relacionan co seu entorno rural. Isto é, un hábitat concentrado, aínda que minúsculo no seu tamaño (aldeas, vilares, barrios), cunha funcionalidade específica: uso residencial en *interacción sistémica* con outros usos agrarios, pecuarios, marítimos, forestais ou de comunicación. Este sistema vai ser substituído, en diferentes graus, por outro que estrutura o hábitat en vivendas ailladas ou en lugares con ínfima nuclearización, xa que a funcionalidade está xerarquizada desde a centralidade e sobre as vías de comunicación. A accesibilidade á mercantilización dos bens implica unha concepción máis económica do solo, como se comprobou no inzamento dos precios do chan: predomina así un valor de cambio dos terreos.

Derivado do planteamento anterior, os núcleos rurais tradicionais son aqueles barrios que constituían o sistema de hábitat parroquial, mentres que núcleos rurais de nova creación son os resultantes da expansión de cativos lugares sobre o viario existente ou nas proximidades de certas expectativas de uso (p.e. ó carón dunha praia). A diferenciación barrio/lugar non é fácil, pois presupoñen unha gradación na nuclearización, desde un conxunto de casas xunto a outros usos (comercial, agropecuario, lecer, comunicación) a unhas poucas casas ailladas sen máis funcionalidade ca residencial. Incluso podémonos atopar con lugares que se converten en barrios, como barrios que se convertiron en parroquias (casos de lugares en Saiáns e casos de barrios en Sampaio ou San Xoán do Poulo). Polo mesmo, necesítase un estudio de maior detalle, de maior escala espacial, o que permitirá a redacción dun planeamento secundario.

A redacción do planeamento secundario deberá dotar ós núcleos dos niveis de urbanización básica: abastecemento e evacuación das augas, acceso rodado con delimitación de aceiras, soterramento das redes eléctricas e de telefonía. A tal efecto se trata de utiliza-lo procedemento do artigo 38.1 da LASGA, o que permite no interim da redacción e aprobación do planeamento secundario as actuacións previstas no artigo 84 da Lei do Solo de 1976. En consecuencia, unha primeira tipoloxía dos asentamentos sería a que sigue:

**núcleos rurais tradicionais* que se consideran susceptibles dun planeamento secundario¹⁰.

¹⁰No informe elaborado para o concello especificamos os núcleos rurais susceptibles de ser delimitados. Nos anexos do mesmo estudio facemos unha relación nominal de barrios e lugares de cada parroquia, o que se completou coa análise de edificación e usos do chan que realizou outro equipo de traballo dirixido pola arquitecta María A. Leboreiro Amaro.

*Núcleos *rurais de nova creación*, consecuencia moitas veces do desenvolvemento de cativos lugares ou da unión de varios lugares a través de vivendas ailladas. A presión demográfica e edificatoria suliña a necesidade dun ordenamento da edificación.

Outro tipo de estudo que se debe facer a través do planeamento secundario consiste na análise dos *núcleos rurais tradicionais* que van ser absorbidos pola dinámica de urbanización.

Entendimos, pois, que era necesario realizar uns proxectos de planeamento secundario sobre uns asentamentos concretos, que deberían servir de guieiro na redacción definitiva dunhas ordenanzas de construción no medio rural. Unha opinión argumentada, pero non carente de dificultades na xestión, como se sinalaría na discusión cos políticos locais.

A definición dun núcleo debe PRESUPONER unha delimitación superficial non só DO USO RESIDENCIAL, senón tamén dous outros usos (incluíndo os productivos), de tal xeito que se podan xestionar transferencias de aproveitamento urbanístico entre parcelas de uso agropecuario e residencial, xa que ambos os dous definen un núcleo rural tradicional. De tal xeito que os núcleos podan xerarquizar-lo sistema de asentamentos do periurbano, para o que necesitan unha funcionalidade maior ca simplemente residencial.

Por outra banda, a análise da dinámica dos asentamentos rurais no período 1986-1991, tomando como referencia a poboación das seccións censais, indica que existíntres tendencias no crecemento demográfico, en semellanza co que sucedía na dinámica parroquial:

*os barrios limítrofes coa expansión urbana consolidada, en especial os barrios de Chumba-Roteas, Ríos e Igrexa en Teis e Vilar-Mideiros en Lavadores, cuns crecementos medios anuais próximos ó 10%

*os barrios exteriores, cunha morfoloxía e actividade onde predomina unha mixtura rural-urbana, como son O Penís en Cabral ou O Freixo e Barrocas en Valadares

*finalmente, o crecemento dos barrios litorais: O Bao, Canido e Urbanización Beamonte.

Estas dinámicas non se corresponden exactamente coa dinámica das licencias de construción unifamiliar solicitadas no concello. Isto débese explicar pola deficiencia dos datos (rexítranse con diferentes nomes, problemas das seccións censais respecto dos barrios) e pola presenza de construción ilegal, tanto de nova creación como engadidos na existente e no uso para vivenda do baixo lóbreo. Son hipóteses que serán corroboradas na análise realizada polo equipo de planeamento e usos do chan e polo tamaño medio familiar no ano 1991, onde se aprecia un maior módulo nas seccións censais rurais cás urbanas, como se demostrou no noso estudo.

Ademáis o exame da inmigración nos barrios periurbanos, con características rurais na morfoloxía, relacións antropolóxicas e sociais e actividades económicas, permite comproba-la validez do aserto antedito. En efecto, os datos suministrados nos anexos estadísticos e a elaboración dos mapas que reflexan o saldo migratorio e inmigración nos períodos finais dos setenta e dos oitenta facilitounos a verificación das tendencias sinaladas.

*un maior asentamento de inmigrantes, e saldo migratorio positivo nas periferias da cidade consolidada, que se vai espallando a través dos viarios básicos, en especial sobre as antigas estradas de Pontevedra (Teis) e Madrid (Lavadores-Cabral). Unha expansión que se vai alonxando do centro, como fica de manifesto na comparación dos mapas do período 1987-91 (a.i.) e do período 1976-79 (a.i.). Isto quere dicir que hai unha gran presión demográfica sobre un espacio conxelado pola tipoloxía de solo de reserva urbano e que deu lugar a un crecemento pouco ordenado e con demanda de servizos e infraestruturas.

*unha inmigración cada vez máis grande nos barrios das parroquias máis rurais do interior, con localizacións precisas: Porto, Babio, Súa (de Beade), Pedra (en Bembrive) e Sello- Becerreira (Cabral).

*unha inmigración, acompañada de construción de vivendas de residencial principal e secundaria, en todo o litoral desde Samil ata Saiáns, o que xa era unha tendencia histórica, pero agora moi acentuada.

Isto quere dicir que a poboación de Vigo, ou a retornada da emigración internacional (como se comproba na análise da procedencia das altas) vai elixir cada vez máis o periurbano para asentarse, ou isto é o que se desprende da análise dos datos de altas e baixas municipais.

En consecuencia, acentúase unha presión sobre o uso residencial, en competencia con outros usos, polo que cómpre analizar con sumo coidado a potencialidade do territorio para programar unha estrutura máis racional. Para facernos unha idea da potencialidade do uso residencial temos que pensar que con 75 vivendas hectáreas en menos dun tercio da superficie municipal xa teríamos 225.000 vivendas, ou sexa tres veces as vivendas actuais. Polo mesmo o territorio pode soportar unha gran edificabilidade, pero isto estragaría outros probables usos, que son percibidos polos habitantes e racionalizados nas súas reivindicacións ante os equipos de planeamento, como é o caso dos escritos das asociacións de veciños ante os nosos estudos.

6.— O ESPACIO PROTEXIDO.

O espazo protexido do concello de Vigo debe diferenciar dúas estratexias complementarias. Por unha banda, a protección dos espazos ecoxeográficos -onde se integran sistémicamente os elementos do medio natural. Por outra a reserva dos espazos que se vexan afectados por infraestruturas e equipamentos propios da urbanización, entre as que consideramos as relativas ó lecer e a escena paisaxística.

O espazo ecoxeográfico corresponde tanto á reserva necesaria de terrazgos agrarios, como os forestais e marítimos. En efecto, a especificidade dun municipio litoral, como é Vigo, implica a análise do medio rural terrestre e as relacións litorais-marítimas que se producen nas funcións sociais productivas, de lecer e na comunicación. Así os proxectos sociais que se poden levar adiante nunha superficie municipal litoral afectan ós espazos de lecer co seu equipamento cultural e paisaxístico; abastecemento de auga, produción agropecuaria e forestal, produción marina (pesca, acuicultura); estabilidade do sistema ecoxeográfico (proceso edafoxénico); usos para hábitat humano; soporte de infraestruturas viarias, comunicación e abastecemento enerxético.

Xa que logo, o espazo funciona a partir dos proxectos sociais, dos intereses dos colectivos, polo que cómpre preservar aqueles territorios e espazos xeográficos que representen os intereses de grupos sociais con escasa capacidade económica, polo que o concello debe velar por estas arelas de defender estas funcións menos lucrativas.

De tal xeito que para poder preservar un equilibrio entre a competencia de intereses por impoñer uns usos sobre outros (proxectos de urbanización determinados), lexislouse unha normativa sectorial, que nós utilizamos para protexer usos non especulativos. Ademais temos que considerar que os valores ecolóxicos e ambientais son un dos factores determinantes no desenvolvemento dos procesos de benestar. No caso concreto deste estudio pretendimos ofrecer un marco legal sectorial que fóra coherente coas reivindicacións e percepcións veciñais, como é o caso da protección das beiras do Lagares (AA.VV. Lavadores) ou a consideración de canle fluvial para o río das Poulas e Barxas (AA.VV. Coruxo). Así delimitamos ata un total de 11 cuncas fluviais, para protexer este tipo de paisaxe cunha potencialidade para usos de lecer e agrarios grandes.

En consecuencia, entendemos que para preservar-lo carácter de medio ruralizado, ecoxeográfico e social, cómpre protexer:

*superficies agropecuarias e marinas que caracterizan o medio como rural productivo: praias con riqueza na acuicultura e parcelas productivas agrarias deben aparecer reflexadas. Isto conecta coas arelas de asociacións veciñais (como a de Teis) co gallo de recupera-las praias.

*masas forestais, que favorezan o proceso edafoxénico e constitúan un valor ecolóxico e estético (ocio, lecer). O estudo minucioso que se iniciou sobre os montes comunais debe se-lo exemplo de ordenamento do espazo futuro, conectando así cunha reivindicación moi sentida polos veciños.

*sistemas viarios e enerxéticos que canlizan os fluxos vitais dos asentamentos humanos. O desexo de contar con novos viais debe ser contextualizado nesta perspectiva de ordenamento territorial, pois do contrario os viais xeneran máis problemas dos que solventan.

*paisaxes de especial protección, como é o litoral, con especial prohibición de edificación nos 100 ms. da liña de costa. A paisaxe forma parte así do patrimonio ecolóxico da comunidade, polo que cómpre a súa protección para non estraga-los sinais de identidade dunha colectividade.

*conxuntos arquitectónicos (igrejas, casas agropecuarias, muíños, lavadeiros, castros) que configuran o patrimonio social da colectividade, son as pegadas que configuran a nosa memoria como pobo: a súa destrución supón a perda de parte da memoria colectiva.

*edificacións agropecuarias (gando, máquinas) no medio rural, tanto en contigüidade do núcleo, como na súa proximidade, atendendo ó prescrito no artigo 85 da Lei de 1976. Con isto preténdese salvaguarda-la adecuación da actividade agraria ás novas necesidades de finais de século.

Estas medidas non poden ser actuacións ailladas e descontextualizadas, senón que deben enmarcarse nunha concepción diferente do territorio. A periferización de Galicia, e da Rexión Urbana de Vigo, provocou que o proceso de concentración humana e o aumento do parque de vivendas estragara moitas das posibilidades ecolóxicas do entorno. Igualmente as evidentes dificultades de accesibilidade provocaron o inflación de proxectos viarios que aumentaban o espallamento do hábitat, entrando así nun círculo vicioso de ausencia de infraestruturas e déficit de accesibilidade. Polo mesmo, cómpre desde os estudos técnicos rexeita-las solucións fáciles a corto prazo (abrir un vial) e analizar con vagar e con rigor as opinións dos veciños. Para isto é necesario contar cunha metodoloxía propia, que neste caso é a aportada pola xeografía da percepción.

7.— A PARTICIPACION VECIÑAL NA ANALISE TERRITORIAL

Debemos precisar que a participación veciñal que comentamos non é a resultante do explicitado no artigo 4.2 da Lei do Solo ou do artigo 125 do Regulamento de Planeamento, en tanto que nós non temos competencia para proceder desde este tipo de argumentos de participación cidadán. Pola contra, a implicación veciñal no noso estudo derívanse das prescricións teóricas e metodolóxicas. A coherencia do noso labor implica partir da análise das percepcións e verbalizacións do urbanismo VIVIDO polos veciños.

Polo mesmo xogamos cunha triple fonte de información para o noso estudo, que debe server de base para o futuro planeamento municipal. Partimos así de:

*os resultados da análise das percepcións dos veciños sobre o territorio de seu e o seu posible ordenamento futuro

*os resultados da análise sociolóxica do movemento veciñal, complementada cunha análise da percepción dos membros directivos das AA.VV. respecto ó territorio e as reivindicacións veciñais

*os resultados dos informes entregados polos membros das AA.VV. en nome dos seus asociados

Como se observa procuramos detectar tanto a coherencia das peticións veciñais, como os canles de participación destas demandas de artellamento territorial. Por iso foi necesario realizar unha forte análise do movemento cidadán en Vigo, que estaba por facer.

A percepción veciñal recóllese nos diferentes informes sectoriais que se presentan como anexos no noso documento, pero cómpre sinalar algunhas cuestións de relevancia para o planeamento futuro:

*Os veciños do medio máis rural de Vigo posúen unha valoración moi positiva do seu medio. Unha avaliación que se corresponde coa xa realizada no ano 1979 (con 230 enquisas) co gallo do Informe do periurbano de Vigo. Así o *sentido de lugar* concrétese en aspectos tais como:

- a) unha preferencia por vivir no mesmo lugar, eles e os seus descendentes, cunhas porcentaxes próximas ó 85%, que se corresponden con resultados semellantes do ano 1979. E aínda máis, as porcentaxes máis baixas, en ambos os dous anos, coinciden con zonas periféricas (Teis, Lavadores) ou con zonas que xa están absorbidas pola dinámica urbana (Fragoso-Balaídos, O Poulo).
- b) unha identificación dos fitos simbólicos nas parroquias tradicionais, que se diferencian das máis novas, como as de Santa Clara ou Santa Tereixa de Xesús, que posúen menor referencia simbólica (festas, cemiterio). Interesa suliñar que a forte inmigración litoral provoca tamén un devalo da identificación simbólica, como se desprende da comparación cos datos de 1979.

*Non existen grandes contradicións entre as percepcións dos veciños e dos membros das AA.VV., como se comenta na análises realizadas. En todo caso existe un maior arraigo nas percepcións dos directivos e unha maior avaliación positiva de Vigo nos veciños do rural.

*Existe unha valoración moito máis positiva do rural ca da cidade de Vigo, o que inflúe na defensa dos valores ecolóxicos e no sobredimensionamento da cidade, que é asociada a caos e problemática das grandes urbes occidentais. (ver figura 10).

En consecuencia, a identificación entre as percepcións veciñais e a dos membros das xuntas veciñais reforzan o carácter institucional deste movemento, que ten os seus alicerces no pasado histórico: poder político local, mutuas gandeiras, xuntas de montes. Polo mesmo, o asociacionismo veciñal pode ser territorial ou sectorial, interesándonos máis o primeiro, xa que permite unha caracterización das parroquias:

*parroquias con maior grao de asociacionismo, como son as de Zamáns, Saiáns, Valadares, Sampaio e Navia, onde inflúe o tamaño cativo destas parroquias e o elevado número de socios. Isto debe repercutir nunha priorización de estratexias de planeamento, que se debe consensuar coas forzas locais representativas.

Ademáis o movemento veciñal está asociado ás reivindicacións dos veciños que representan, que ocupan un territorio concreto. Máis dunha vez estas reclamacións deron lugar ó xurdimento das asociacións, como é no caso do Freixo respecto ó verquedeiro do Zondal ou a de Oia respecto á falla de infraestruturas na urbanización Beamonte. Na actualidade ás reivindicacións manifestadas polos veciños poden tipificarse como sigue:

*as relacionadas co ciclo do auga (abastecemento e alcantarillado), xerais en tódolos casos e relacionadas co déficit de infraestruturas no rural, en especial na evacuación


*as relacionadas coa participación na toma de decisión nos sistemas xerais que afectan ó seu territorio; p.e. os afectados pola traza da autopista ou dos cinturóns de ronda. Nesta mesma tipoloxía debemos encadra-lo desexo de participación no deseño da edificabilidade no Plan Xeral: reivindicación de vivenda unifamiliar e baixas densidades

*as relacionadas coas comunicacións viarias ou de servizos (correos, telefonía), que se concretan na petición de novas rúas (p.e. en Teis), novas liñas de transporte (p.e. Zamáns), mellor servizo de correos (Candeán ou Navia).


*as relacionadas co entorno ecolóxico: protección do monte (p.e. Cabral ou Castrelos), das praias (Teis), beiras do Lagares (Lavadores), dunas de Samil (Alcabre), son exemplos que evidencian a sensibilidade ante estes temas

FIGURA 10.- OPINIÓNS VECIÑAIS NO PERIURBANO DE VIGO

Comparación del tipo de juicios emitidos sobre la zona rural y sobre Vigo.



Actitud hacia la protección ambiental



Fonte: Enquisa veciñal dirixida polo dr. Boira

*as relacionadas cos equipamentos sociais e culturais: Alcabre, Candeán, Matamá e moitos máis exemplos que se poden consultar no traballo completo.

Todo o anterior presupón unha toma de postura metodolóxica- teórica que implica unhas actuacións políticas e de ordenamento futuro. Por iso entendemos que se debe concluir este resumo cunha breve avaliación das implicacións normativas que se derivan coherentemente do planteamento anterior.

8.— IMPLICACIONS LEGAIS NA ORDENACION TERRITORIAL.

Como dixemos en páxinas precedentes o marco xurídico foi un elemento básico na explicación territorial da zona periurbana de Vigo. En efecto, entendemos que é a normativa xurídica e a súa interpretación pola Administración a que determina, en gran medida, a organización territorial hoxe percibida. Aínda máis, un rasgo de periferización que se complementa co proceso de simbiotización ten un dos alicerces básicos na configuración deste medio periurbano respecto ó centro da cidade.

Se nos anos coarenta o arquitecto M. Cominges dicía, na redacción das Normas de Ordenación de Vigo, que o hábitat do proletariado era «o natural do Val do Frago», que non necesitaba dunha normativa especial, nas Ordenanzas de Edificación de 1956 comeza o seu regulamento. As expectativas xeneradas polo asentamento dunha mán de obra que non reclamaba vivenda, xa que a posuía en propiedade preto dos centros laborais, implican que o uso básico que se regule sexa o residencial, contemplándose os retranqueos respecto ós viais. Como se ve VIVENDA E VIAIS eran as preocupacións respecto ó medio periurbano, que así cumpría co seu papel de fornecedor de mán de obra por medio de movementos pendulares.

O Plan de 1971 determina a creación de núcleos suburbanos, pero cunha complexidade de xestión que anula a súa posibilidade de centros funcionais. Pola contra as interpretacións dos concelleiros respecto a non computar o baixo lóbrego como superficie edificable e a Sentencia do Tribunal Supremo de 8 outubro de 1975 que equipara as superficies agropecuarias ás forestais converte, de feito, a todo o municipio non consolidado nunha enorme superficie potencialmente edificable cunha parcela mínima de 2.000 m² e cunha edificabilidade do 0,2. Isto significou a aparición de «vivendas-palafitos», xa que se erguían sobre pilares co gallo de ter un baixo lóbrego que co tempo se convertía en vivenda. Deste xeito os veciños creaban a normativa que impedía a edificación plurifamiliar, xa que co tempo habería máis dunha familia sobre o edificio, cando o artigo 59 (85 da Lei de 1976) impedía a construción que non fóra unifamiliar agropecuaria.

A LASGA do ano 1985 pretende recupera-lo carácter positivo territorial, co gallo de desenvolverlo planeamento dos núcleos rurais de Galicia, ou sexa núcleos non urbanos. Pero a xestión da LASGA é froito de intereses contrapostos que sin dúbida influirán na xestión derivada do seu

articulado. Así como se pode ver na figura 11 atopamos nos obxectivos legais dous tipos de intereses (sociais e individuais) que evidencian a complexidade dun novo artellamento territorial

FIGURA 11. INTERESES CONTRAPOSTOS NOS OBXECTIVOS LEGAIS DA LASGA DE 1985

<i>Intereses privados</i>	<i>Intereses colectivos</i>
Edificabilidade Valor de cambio Defender pequena propiedade	Valores ambientais Valor de uso Estructura territorial tradicional

Consensuar ambos os dous intereses, ós que se superpoñía un acordo político entre a Xunta e o concello non era fácil. Entendimos, xa que logo, que a finalidade do documento era precisa-lo carácter periurbano do medio, susceptible de ser tipificado xurídicamente como rural. Necesitabamos, polo mesmo, coordinar a argumentación xurídica coa conceptualización xeográfica, aínda que non pretendamos chegar a un regulamento do solo. As fontes legais consultadas permitiron:

*definición de solo urbano, urbanizable e non urbanizable a partir do estipulado na Lei 19/1975 de 2 de maio, o Real Decreto 1346/1976 de 9 de abril, Decreto-Lei 16/1981 de 16 de outubro e Lei 8/1990 de 25 de xullo. En tódolos casos conformouse un corpo teórico xurídico que nos facilitou a nosa interpretación de qué é un solo urbano (e solar edificable), qué conformaba un programa de solo urbanizable e cá son as reservas e restricións do solo non urbanizable.

*definición de núcleo rural, tradicional ou de nova creación, a partir da Lei 11/1985 de 22 de agosto, do parlamento galego, Lei de Adaptación da do Solo (Leis anteditas) a Galicia. Neste documento legal defínese o núcleo rural non só por parámetros cuantitativos, senón cualitativos e isto foi o que nós utilizamos basicamente.

Delimitado o marco legal estudiamo-las reivindicacións dos veciños e as percepcións do territorio de seu, o que deu lugar á elaboración dunhas conclusións que xa relatamos. Para finaliza-lo noso labor entendemos que o máis correcto é elaborar unhas suxerencias que «servan de base para o ordenamento do medio rural vigués»¹¹.

A nosa intencionalidade pretendeu, xa que logo, recolle-las opinións dos veciños, co gallo de ser analizadas teóricamente á luz dos conceptos de teorías urbanísticas vixentes, en especial as derivadas da Socioloxía e da Xeografía, eidos contextuais onde se inscribe este informe.

Así a metodoloxía seguida parte do presuposto de considera-las opinións dos veciños —a través dunha enquisa cunha mostra superior a 300 respostas— como punto de partida da nosa análise. En segundo lugar, estudiamo-las características da organización do medio nunha escala municipal: sistema ecoxeográfico, actividades económicas, presión demográfica, organización veciñal e propiedade do territorio. Por último, resumimo-los nosos argumentos no presente informe, considerando en primeiro lugar o contexto legal existente (LASGA e Lei de 1976).

Desde esta mesma opción metodolóxica consideramos que podemos orienta-la acción urbanística do concello establecendo unhas prioridades mínimas. Entre estas consideramos necesario prever un planeamento secundario que se derivaba do noso informe por dúas razóns fundamentais:

- a) a necesidade de ordena-lo territorio positivamente, funcionalmente, e non restrictivamente para un uso prioritario (poder construír máis ou menos). Isto implica definir uns plans de millora do medio, parciais ou de reforma interior, que non só contemplan os usos residenciais. Pero

¹¹ No informe recomendamos facer unha interpretación do artigo 38.1 da LASGA co gallo de priorizar certo planeamento secundario, coñecidas as dificultades de xestión no medio periurbano. Entendimos, e mantemos esta opinión, que para rachar co círculo vicioso da non colaboración dos veciños na xestión do planeamento municipal, o concello debe toma-la iniciativa.

isto haino que facer cunha escala 1/1.000 ou 1/500 que contemple outro dos principios básicos da LASGA (a propiedade microfundaria de Galicia, e máis nos medios periurbanos)

- b) a necesidade de realizar un estudio máis minucioso da realidade dos barrios e lugares parroquiais, dada a deficiencia das estadísticas oficiais, a verificación da propiedade parcelaria, a funcionalidade dos terrazgos. Isto é obvio que non se pode facer cunha mínima rigurosidade científica en tres meses.

Non parece comenente trazar ningún deseño de viais sen antes ter realizado un estudio preciso da funcionalidade que vai canlizar este novo viario, así como o impacto na nuclearización do hábitat, o que reduce os custos sociais das infraestruturas.

Aínda que a nosa proposta non contou co respaldo total da Corporación municipal, por problemas de xestión, SÍ QUE LOGROU UN AMPLIO ACORDO ENTRE AS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS. Consideramos que deste xeito contribuímos a desenvolver unha cultura territorial sobre a opinión dos veciños, cos que seguimos a colaborar a través de conferencias, reunións e análises das súas alegacións. Entendemos que esta reivindicación do compromiso social do xeógrafo é un dos guieiros máis firmes para racha-la periferización da cultura territorial galega, atrapada na encrucillada de definir un novo modelo que frene as arelas especulativas e destructoras da cultura consumista de chan edificable, pero que ó mesmo tempo sexa capaz de crear núcleos sociais que definan un novo xeito de vida rural nos inicios do século XXI.

A POLITICA TERRITORIAL EN GALICIA: ENTRE A EXPANSION URBANA E A PERCEPCION RURAL. O CASO DO ESPACIO PERIURBANO DE VIVO

Bibliografía

- AA.VV. (1979): «L'habitat péri-urbain», *Metrópolis*, vol. V, núms. 41-42
- AA.VV. (1983): *Urbanismo y medio rural. Valencia: la vivienda ilegal de segunda residencia*, Valencia, Excma. Dpt. Provincial
- BARRÉRE, P. (1988): «Urbanización del campo en los países industrializados», AA.VV. *Espacios rurales y urbanos en áreas industrializadas*, II Congreso Mundial Vasco, Barcelona, Edit. Oikos, tau; pp. 59-78
- BIANCHI, E.; PERUSSIA, F. (1980): *Bibliografía sulla percezione dell'ambiente*, Unicopli
- BINET, Nicolás (1987): «Péri-urbanisation et politiques de l'habitat dans l'agglomération rennaise» en AA.VV.: *Estudios sobre espacios urbanos, Coloquio Hispano-francés*, Madrid, M.O.P.U.
- BOIRA MAIQUES, J.V. (1992): *La ciudad de Valencia y su imagen pública*, Department de Geografia-Universitat de València
- BOIRA, J.V.; REQUÉS, P. (1991): *Introducción al estudio de la percepción espacial*, Andorra, Consejería de educación.
- BOSQUE MAUREL, Joaquín (1986): «El espacio urbano. Evolución y cambio en geografía urbana» en AA.VV. (García Ballesteros, coord.): *Teoría y práctica de la geografía*, Madrid, Alhambra Universidad, pp. 259-283
- CABERO DIÉGUEZ, V. (1988): «La población activa agraria y la agricultura «a tiempo parcial»», AA.VV.: *Espacios rurales y urbanos en áreas industrializadas*, II Congreso Mundial Vasco, Barcelona, Edit. oikos-tau; pp. 35-58
- CAPEL SÁEZ, Horacio (1973): «Percepción del medio y comportamiento geográfico», *Revista de Geografía*, vol. VII, núms. 1-2, Barcelona, pp. 58-150.
- CHAMPION, A. G. (1991): *Counterurbanization. The changing pace and nature of population deconcentration*, London, E. Arnold
- CARRERAS I VERDAGUER, Carles (1986): «Los problemas del suelo urbano» en AA.VV.: *Jornadas de geografía y urbanismo, 1984*. Salamanca, C.O.T.O.P., Junta Castilla y León, pp. 101-123
- CHESHIRE, Paul; HAY, Dennis (1985): «Problemas de declive y crecimiento en las ciudades de Europa», *Estudios Territoriales*, 19, pp. 31-56
- CHESHIRE, Paul; CARBONARO, G.; HAY, Dennis (1986): «Problems of urban decline and growth in EEC countries: or measuring degress of elephantness», *Urban Studies*, 2, pp. 131-149
- COOMBES, M.; DALLALONGA, R.; RAYBOULD, S. (1989): «Counterurbanisation in Britain and Italy: a comparative critique of the concept, causation and evidence», *Progress in planning*, vol. 32, pp. 1-70
- CRAIK, K.H. (1983): «La comprensión del ambiente físico cotidiano», PROSHANSKY et al. (eds): *Psicología ambiental. El hombre y su entorno físico*, Trillas.
- DALMASSO, Etienne (1987): «Les espaces urbains: evolutions et perspectives» AA.VV.: *Estudios sobre espacios urbanos. Coloquio Hispano-francés*, Madrid, M.O.P.U.
- DEL CAMPO, Salustiano; DíEZ NICOLÁS; J. PÉREZ ARNAIZ, J.L. (1971): «Aproximación al análisis de la estructura socioeconómica de las áreas metropolitanas de España», *Revista de Estudios Sociales*, núm. 1, pp. 41-67.

DÍAZLEMA, José Manuel (1989): *Derecho urbanístico de Galicia. Comentarios a la Ley del Suelo de Galicia de 22 de agosto de 1985*, Santiago, Fund. Caixa Galicia.

ESTÉBANEZ ÁLVAREZ, José (1981): «Problemas de interpretación y valoración de los mapas mentales», *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, núm. 1; pp. 15-40

ESTÉBANEZÁLVAREZ, José (1988): «Los espacios urbanos», PUYOL-ESTÉBANEZ, MÉNDEZ: *Geografía humana*, Madrid, Cátedra, pp. 357-585.

ETXEZARRETA ZUBIZARRETA, Miren (1985): *La agricultura insuficiente*, Madrid, Ins.Est.Agrarios, Pesqueros y Alim.

FERNÁNDEZ BALLESTEROS, R. (ed.) (1987): *El ambiente. Análisis psicológico*, Madrid, Pirámide

FERRER REGALÉS, M. (1989): «Redistribución espacial y jerárquica de la población española», GRUPO DE POBLACIÓN DE AGE: *Análisis del desarrollo de la población española en el período 1970-1986*, Madrid, Síntesis, pp.13-27

FIELDING, A.J. (1982): «Counterurbanisation in Western Europe», *Progress in Planning*, vol. 17, Oxford, Pergamon Press, pp. 1-52

FREY, William H. (1988): «The re-emergence of Core Region Growth: a return to the metropolis», *International Regional Science Review*, Vol. 11, núm. 3, pp. 261-167.

GARCÍA PAZOS, Fernando (1990): *Estudio geográfico del paisaje rural en un sector de las Mariñas gallegas*, A Coruña, Excma. Deputación Provincial

GOLD, J.R. (1985): *Introduzione alla Geografía del comportamento*, Milán, Franco Agnelli

GONZÁLEZ PÉREZ, Jesús (1982): *El nuevo régimen del planeamiento urbanístico (D.L. 16 de octubre de 1981)*, Madrid, Edt. Civitas

GOLD, J.R.; GOODEY, B. (1983): «Behavioural and perceptual geography», *Progress in Human Geography*, núm. 7; pp. 578-586

GOLLEDGE, R.G. (1982): «Introduction-Substantive and Methodological aspects of the Interface between Geography and Psychology» en GOLLEDGE, R.G.; RAINER, J.: *Proximity and preference*, Univ. Minnesota Press; pp. XIX-XXXIX

GOLLEDGE, R.G. (1987): *Behavioural approaches to urban problems* Instituto de Estudios Urbanos. Univ. Complutense de Madrid, 41 pp.

GOLLEDGE, R.G.; STIMSON, R.J. (1987): *Analytical behavioural Geography*, Croom Helm

GOLLEDGE, R.G.; TIMMERMANS, H. (1990 a): «Applications of behavioural research on spatial problems I: cognition», *Progress in Human Geography*, vol. 14, núm. 1; pp. 57-99

GOLLEDGE, R.G.; TIMMERMANS, H. (1990 b): «Applications of behavioural research on spatial problems II: preference and choice», *Progress in Human Geography*, vol. 14, núm. 3; pp. 311-354

GOODEY, B.; GOLD, J.R. (1985): «Behavioural and perceptual geography: from retrospect to prospect», *Progress in Human Geography*, vol. 9, núm. 4; pp. 585-595

LÓPEZ RAMÓN, Fernando (1987): «Planificación territorial», *Revista de Administración Pública*, núm. 114; pp. 127-177

MARTIN HERNANDO, M.A.; SERRANO MARTÍNEZ, José (1991): «Nuevas formas de expansión y crecimiento urbano: estudio del área periurbana al sur de la ciudad de Murcia», Asociación Geógrafos Españoles: *XII Congreso Nacional de Geografía. Sociedad y Territorio*, Univ. de Valencia, pp. 533-542

MAS HERNÁNDEZ, Rafael; MATA OLMO, Rafael (1991): «Propiedad rústica y promoción inmobiliaria en el municipio de Madrid» AGE: *XII Congreso Nacional de Geografía. Sociedad y Territorio*, Univ. de Valencia, pp. 543-551

ORTEGA VALCÁRCEL, José (1988): «Los límites de la explotación agraria periurbana», AA.VV. *Espacios rurales y urbanos en áreas industrializadas*, II Congreso Mundial Vasco, Barcelona, Edit. Oikos-tau; pp. 79-100

PALM, Risa (1982): *Urban geography: city structures*, *Progress in Human Geography*, vol. 6, núm. 1, pp. 89-95

- PAREJA I LOZANO, Carles (1990): *Régimen del suelo no urbanizable*, Madrid, Edit. Marcial Pons
- PERRY, R.; DEAN, K; BROWN, B. (1986): *Counterurbanisation: international case studies of socioeconomic change in rural areas*, Geo-Books, Norwich, 1986
- PRECEDO LEDO, A. et al. (1989): «La transición urbana en España», Grupo de Población de AGE: *Análisis del desarrollo de la población española en el período 1970-1986*, Madrid, Síntesis, pp. 28-37
- PRECEDO LEDO, A. et al. (1989): *Vigo. Area metropolitana*, Vigo, Fund. Caixa Galicia.
- PROSHANSKY, H.M.; ITTELSON, W.H.; RIVLIN, L.G. (Eds.) (1983): *Psicología ambiental. El hombre y su entorno físico*, Trillas
- REQUÉS VELASCO, P.; BOIRA MAIQUES, J.V. (1990): «El desarrollo en España de los estudios de percepción urbana. Una primera aproximación al tema», SOUTO, X.M. (coord.): *Proyecto curricular en Geografía, 12-18 años. Lecturas teóricas para su elaboración*, Generalitat Valenciana; pp. 141-172
- RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE; VILLARINO, M.; RODRÍGUEZ CUDEIRO, M. (1988-89): «La inversión en el sector agropecuario de Galicia: estructura y objetivos», *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, Tomo CXXIV-CXXV; pp. 131-157
- SÁNCHEZ, Joan-Eugeni (1988): «Espacios y nuevas tecnologías», *Geocrítica*, núm. 78, Univ. de Barcelona.
- SCHNEIDER, G. (1986): «Psychological Identity of and Identification with Neighbourhoods», FRICK, D. (ed.): *The quality of urban life. Social, psychological and physical conditions*, De GraytenW. and Co. pp. 203-218
- SEQUEIROS TIZÓN, Xulio G. (1982): «A agricultura a tempo parcial en Galicia», *Revista Galega de estudos agrarios*, núm. 6 Serv. Publ. Xunta de Galicia
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (1981): «Encol do traballador simbiótico ou o proceso de urbanización do campo galego», *Revista Galega de Estudos Agrarios*, núm. 5, Serv. Publ. Xunta de Galicia, pp. 107-148
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1982): «Encol do hábitat e do poboamento. O caso de Galicia», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm. 98, Santiago Compostela, pp. 7-63.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1984): «A agricultura a tempo parcial na bisbarra de Vigo», *I Xornadas de Estudos Agrarios*, Madrid, Mtrio. de Agric. Pesca e Alim., pp. 303-327.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (1985): «O problema da rexionalización en Galicia. Encol da rexión urbana de Vigo», *I Cuadernos de Xeografía*, Sada, O Castro, pp. 153-183
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1984-85): «Auxe e crise na ordenación do territorio en Galicia. Escala e poboación na análise xeodemográfica», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm. 100, Santiago, CSIC; pp. 315-345
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1990): *Vigo: cenanos de historia urbana, 1880-1980*, Vigo, Edc. Xerais
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1991): «Simbiosis económico-familiar y transformación inmobiliaria en el área periurbana de Vigo», AGE: *XII Congreso Nacional de Geografía. Sociedad y Territorio*, Univ. de Valencia, pp. 611-616
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (1991): «Vigo: empresa e proxecto urbano. As perspectivas de cambio na cidade e área de influencia», *Análise empresarial*, núm. 12; pp. 15-25.
- SUÁREZ-VILLA, Luis (1988): «Metropolitan Evolution, Sectoral Economic Change and the City Size Distribution», *Urban Studies*, núm. 25, pp. 1-20
- TOMÉ FERNÁNDEZ, Segio (1989): «Las tendencias recientes en los estudios urbanos en España», AGE: *XI Congreso Nacional de Geografía*, Madrid, Imp. Mayoral, pp.53-63
- VALENZUELA RUBIO, Manuel (1987): «Evolución reciente de los espacios urbanos», *Estudios sobre espacios urbanos. Coloquio hispano-francés de 1986*, Madrid, M.O.P.U., pp. 39-57
- VALENZUELA RUBIO, Manuel (1986): «Los procesos de difusión espacial de la ciudad.

Tendencias recientes», AA.VV.: *Jornadas de Geografía y Urbanismo*, Salamanca, C.O.T.O.P., Junta Castilla y León, pp. 169-179

VALENZUELA RUBIO, M. (1988-1989): «Áreas centrales y periferias urbanas en la Europa comunitaria. Un estado de la cuestión al filo de los noventa», *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, Tomo CXXIV-CXXV, pp. 157-193, Madrid

VÁZQUEZ BARQUERO, A. (director) (1990): *Vigo y su área de influencia. Diagnóstico y perspectiva económica*, Vigo, Confederación de empresarios.

VINUESA ANGULO, Julio; VIDAL DOMÍNGUEZ, M^a Jesús (1991): *Los procesos de urbanización*, Madrid, Edit. Síntesis, Colec. Espacios y sociedades.

WALMSLEY, D.J.; LEWIS, G.J. (1984): *Human Geography: Behavioural approaches*, London, Longman

ZOIDO NARANJO, Florencio (1986): «Geografía y planeamiento supralocal» AA.VV.: *Jornadas de geografía y urbanismo, 1984*. Salamanca, C.O.T.O.P., Junta Castilla y León, pp. 197-205